



CONCELLO DE FISTERRA
Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf: 981 740 001
Fax: 981 740 677

ORDENANZA REGULADORA DO ACCESO RESTRINXIDO DE VEHÍCULOS ÁS ZONAS PEONÍS DE FISTERRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, establece, no seu artigo 7, que corresponde aos municipios a regulación, mediante ordenanza municipal de circulación, dos usos das vías urbanas, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todas as persoas usuarias coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como o establecemento de medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, prestando especial atención ás necesidades das persoas con discapacidade que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos, todo iso co fin de favorecer a súa integración social.

Na actualidade, o Concello de Fisterra conta cunha Ordenanza xeral municipal de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, publicada no BOP nº 64 de 8 de abril de 2010, norma que dedica, o seu artigo 6, á regulación das zonas peonís. Visto o contido do referido precepto, xúlgase necesario complementar e desenvolver, a través da presente Ordenanza, a regulación vixente sobre a determinación e uso das zonas peonís. Así, a presente Ordenanza establece que ha de entenderse por zona peonil, determina as circunstancias que dan lugar ao dereito de acceso rodado ás mesmas, regula os títulos habilitantes que resulta preciso recabar do Concello a tales efectos e contempla as excepcións á necesidade de atoparse en posesión dos mesmos.

Igualmente, é obxecto de regulación contida na presente Ordenanza a tipificación daquelas condutas, actuacións ou omisións que constitúen unha infracción das previsións contidas na mesma, así como o réxime sancionador aplicable a cada unha delas.

A necesidade de combinar espazos municipais de atractivo turístico, altamente transitados, tanto polos veciños da zona, como por turistas, a procura da súa correcta conservación, así como co tránsito rodado que nas mesmas se dá, consecuencia das necesidades dos residentes da zona e dos locais que acollen actividades comerciais, dan lugar a esta iniciativa do Concello de Fisterra, mediante a que se trata de aunar todos estes intereses expostos, na procura dun espazo máis confortable e seguro.

Artigo 1º. - Obxecto

É obxecto da presente ordenanza a regulación do uso e condicións de acceso restrinxido ó tráfico rodado nas vías ou zonas peonís do Concello de Fisterra.

Artigo 2.- Delimitación das zonas peonís

Considéranse zonas peonís aquelas nas que o Concello de Fisterra prohíbe total ou parcialmente a circulación rodada así como o estacionamento de vehículos. O órgano competente para a súa declaración será, nos termos do previsto na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Régime Local, o Alcalde ou concelleiro/a no/a que delegue.

Artigo 3. – Sinalización e control

As vías ou zonas peonís delimitaranse coa correspondente sinalización vertical, así como coa instalación doutros elementos que impidan ou restrinxan o acceso de vehículos a tales lugares. Nos sinais situados á entrada e saída da zona peonil indicaranse as limitacións de uso e os horarios, se procede.

O seguimento e control de entradas e saídas das zonas peonís realizarase pola Policía Local, sen prexuízo de que se poidan empregar outros elementos móbiles ou telemáticos que impidan a entrada e a circulación de vehículos na rúa ou zona afectada.

Artigo 4. – Prohibición de circulación e estacionamento en zonas peonís

A prohibición de circulación e estacionamento de vehículos nas zonas peonís poderá comprender a totalidade de vías que se atopen dentro dunha zona delimitada e sinalizada como zona peonil, limitarse a un horario determinado e/ou limitarse a determinados días ou tempadas, sempre que exista unha razón e motivación suficiente que acredeite ou xustifique tal restrición.

Artigo 5. – Excepções á limitación de circulación e estacionamento

En todo caso, quedarán excluídos das limitacións á circulación e ao estacionamento establecidas nesta Ordenanza os vehículos debidamente autorizados polo Concello en atención tanto ás circunstancias do lugar como da persoa usuaria do vehículo, así como, en calquera caso, nos seguintes supostos:

a) vehículos oficiais e vehículos de urxencia:

Inclúense dentro desta categoría os vehículos destinados á prestación de servizos propios da Administración, como son os das Forzas e Corpos de Seguridade, os vehículos públicos de hixiene urbana ou calquera outro destinado a un servizo público que se atope debidamente identificado.

Igualmente, quedan excluídos das prohibicións de circulación dentro das zonas peonís os vehículos de extinción de incendios, protección civil, asistencia sanitaria, prestación de servizos sociais ou asistenciais, vehículos de empresas funerarias en acto de servizo ou calquera outro de natureza semellante.

En todo caso, as empresas, servizos ou persoas afectadas por estas limitacións, e para o caso de establecerse un sistema de control electrónico de acceso, deberán comunicar a matrícula dos vehículos ó Concello a efectos de incorporalos á base de datos do sistema e permitir o seu acceso.

b) circulación ciclista, excepto en momentos de aglomeración dentro da zona peonil, de conformidade co artigo 10.3 da Ordenanza reguladora Xeral Municipal de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria do Concello de Fisterra.

c) En todo caso, e sen prexuízo das previsións anteriores, os vehículos aos que se refire o artigo 6.4 da Ordenanza Xeral Municipal de Tráfico do Concello de Fisterra.

d) Calquera outro vehículo que, como consecuencia das prestacións que co mesmo se leven a cabo, conte coa correspondente autorización da Xunta de Goberno Local.

Namentres non se instale ningún dispositivo que impida o acceso ás zonas peonís, os vehículos afectados pola excepción prevista deberán comunicar ao Concello con antelación o acceso á zona peonil e o motivo que xustifica o mesmo. Para o suposto de non resultar posible dita comunicación previa, deberá acreditarse o acceso e o motivo do mesmo no prazo de dous días hábiles seguintes á súa realización.

Artigo 6.- Obrigas respecto da circulación en zonas peonís

A circulación de vehículos, bicicletas e peóns nas vías e zonas peonís deberá suxeitarse ás seguintes particularidades:

a) A circulación de peóns será preferente á de vehículos e bicicletas, a excepción do suposto en que os vehículos circulen prestando un servizo de urxencia ou emerxencia.

b) Os vehículos que circulen ou estacionen dentro dunha zona peonil deberán levar visible a tarxeta que autorice a súa entrada en dita zona, a excepción dos sinalados no artigo 5 a), b), c) e d).

c) A circulación de vehículos e bicicletas dentro das zonas peonís quedará limitada a unha velocidade máxima de 10 km/h.

Artigo 7.- Vehículos autorizables

1. Poderán acceder á zona peonil, ademais dos vehículos sinalados no artigo 5, os vehículos que obteñan a tarxeta de pase, previa solicitude da mesma e acreditación das circunstancias que xustifiquen a súa obtención nos seguinte casos:

- a) Os vehículos pertencentes a veciñas e veciños residentes na zona peonil.
- b) Os vehículos comerciais de empresas de servizos para a realización de operacións de carga e descarga.
- c) Os vehículos de titulares de actividades comerciais en locais situados na zona peonil.
- d) Os seguintes vehículos de gremios:

-Os construtores, durante o tempo que dure a execución das obras en edificios situados na zona peonil.

-Outros gremios, durante o tempo que dure a execución das súas tarefas en edificios situados na zona peonil.

- e) Outros vehículos diferentes aos sinalados no apartado c) que distribúan mercancías.
- f) Outros vehículos que contem coa correspondente autorización.

2. Non obstante ao anterior, o Concello poderá moderar as condicións de acceso á zona peonil a particulares, empresas, gremios ou entidades sinaladas nos apartados anteriores, como consecuencia da modificación do tráfico rodado na vila ou en situación de festas ou con ocasión da organización doutros eventos e actividades que poidan afectar ás zonas peonís.

3. Queda absolutamente prohibida a circulación rodada pola zona peonil, á marxe das situacións e circunstancias descritas nesta ordenanza.

Artigo 8.- Procedemento de solicitude e concesión de tarxetas

1. O procedemento iniciarase a instancia de parte, debendo presentar a persoa interesada unha solicitude xunto coa documentación suficiente que acredite a concorrencia das circunstancias xustificativas da necesidade da tarxeta (certificado de empadroamento, alta no IAE, contrato de aluguer de vivenda ou praza de garaxe dentro da zona peonil, contrato de suministro con empresa dentro da zona peonil,etc) na Oficina de Rexistro do Concello, ou na Sede Electrónica do Rexistro.

2. O Concello tramitará a correspondente solicitude, previo exame da concorrencia das circunstancias alegadas, nos termos do previsto na Lei do procedemento administrativo das Administracións Públicas.

3. O Concello resolverá a solicitude da tarxeta dentro do prazo máximo de tres meses a contar dende o día seguinte ao da súa presentación no rexistro municipal..

4. No caso de que a solicitude se resolva de xeito favorable, o Concello procederá á entrega da tarxeta á persoa solicitante, de forma gratuítia, xunto coas condicións de uso.

Artigo 9.- Acceso de vehículos comerciais e distribuidores

O acceso de vehículos destinados ao abastecemento de establecementos comerciais situados nas zonas peonís quedará suxeito ás seguintes condicións:

a) As labores de carga e descarga realizaranse dentro do horario establecido a continuación e, no seu caso, nas zonas reservadas ao efecto.

Horario de carga e descarga:

-De luns a sábado: De 8 a 13 horas e de 16 a 19 horas.

-Domingos e festivos: Os domingos e festivos poderán entrar coa súa tarxeta aqueles vehículos vinculados a actividades comerciais situados nos lugares da zona regulada.

b) As labores de carga e descarga durarán o tempo imprescindible para levar a cabo as súas tarefas, non podendo exceder, en ningún caso, de 20 minutos.

Artigo 10. - Acceso de vehículos dos veciños, veciñas e residentes:

Os veciños, veciñas e residentes poderán acceder cos seus vehículos á zona peonil, previa a concesión da tarxeta que así o autorice e con atención ás seguintes limitacións:

a) poderán acceder co vehículo ao seu domicilio ás 24 horas do día para a realización de operacións de carga e descarga de mercancías pesadas e/ou voluminosas, traslado de persoas dependentes ou en caso de urxencia médica.

b) o tempo de permanencia dos vehículos na zona peonil será o mínimo indispensable para realizar as operacións anteriores e, en ningún caso, superior a 30 minutos.

Artigo 11.- Acceso de vehículos de titulares de actividades comerciais ou industriais.

As persoas titulares das actividades comerciais ou industriais desenvolvidas nos locais situados na zona peonil que se atopen dadas de alta no IAE, poderán acceder cos seus vehículos ata os seus negocios, limitándose dito acceso, en todo caso, aos días e horas establecidos no artigo 9 para a realización de tarefas de carga e descarga.

Non obstante o anterior, naqueles casos en que as condicións particulares da actividade ou outras circunstancias debidamente acreditadas o xustifiquen, a Xunta de Goberno Local poderá autorizar outros accesos fóra dos límites establecidos, previa solicitude do interesado/a.

Artigo 12.- Acceso de vehículos de gremios

1. Poderán solicitar a tarxeta de acceso ás zonas peonís do Concello de Fisterra, así mesmo, os gremios ou empresas para os fins que a continuación se determinan:

- a) As empresas de fontanería, electricidade, reparacións, obras, etc, para atender a posibles avarías en situación de urxencia.
- b) As empresas de construcción, durante o tempo que dure a execución das obras en edificios situados nas zonas peonís.
- c) Outros gremios, durante o tempo que dure a execución das obras en edificios situados en zonas peonís.

2. O acceso quedará limitado ao horario comprendido entre as 8 e as 19 horas.

3. Os vehículos pertencentes a todas as empresas ou gremios descritos neste artigo permanecerán nas zonas peonís o mínimo tempo indispensable para cargar ou descargar material, ou para realizar calquera outra actividade para a que sexa precisa o vehículo.

En todo caso, e fóra das circunstancias descritas, o/s vehículo/s permanecerán estacionado/s fóra da zona peonil durante todo o tempo que dure a realización da actividade.

Artigo 13.- Incumprimento das normas de acceso.

O acceso de vehículos sen a debida autorización á zona peonil, así como a permanencia nesta sen motivo que o xustifique, serán obxecto de sanción.

O incumprimento reiterado das normas de acceso e permanencia dentro das zonas restrinxidas poderá dar lugar á perda da tarxeta, de conformidade co previsto nos artigos seguintes.

Artigo 14.- Control de oficio

O Concello resérvase a posibilidade de comprobar de oficio, en calquera momento, o cumprimento dos requisitos establecidos para o outorgamento das tarxetas, procedendo, en caso de incumprimento, á súa anulación, sen prexuízo da adopción doutras medidas ou sancións previstas na presente Ordenanza.

Artigo 15.- Infraccións

1.Os incumplimentos ou omisións do previsto na presente Ordenanza serán constitutivos da correspondente infracción administrativa nos termos do previsto nos seguintes artigos, e serán sancionados con arranxo ao disposto no Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, sen prexuízo do establecido na presente Ordenanza.

2. Aos efectos do previsto na presente Ordenanza, terán a consideración de infraccións moi graves as seguintes condutas:

- a) A falsificación das tarxetas reguladas nesta Ordenanza.
- b) A alteración ou manipulación dos documentos acreditativos das circunstancias que xustifiquen a concesión das tarxetas de acceso á zona peonil.
- c) A reiteración na comisión de dúas ou máis faltas das cualificadas como graves.

3. Aos efectos do previsto na presente Ordenanza, terán a consideración de infraccións graves, as seguintes condutas:

- a) O acceso á área afectada valéndose de tarxeta distinta á autorizada ou da tarxeta correspondente a outro vehículo e/ou persoa usuaria.
- b) A utilización indebida da tarxeta.
- c) Alteración ou manipulación das tarxetas concedidas e reguladas na presente Ordenanza.
- d) O acceso á área afectada con vehículo sen título habilitante.

- e) A cesión da tarxeta regulada na presente Ordenanza a persoa distinta á autorizada.
 - f) A reiteración na comisión de dúas ou máis faltas das cualificadas como leves.
4. Aos efectos do previsto na presente Ordenanza, terán a consideración de infraccións leves, as seguintes condutas:
- a) O uso indebido da tarxeta concedida cando non se considere falta grave.
 - b) A non devolución da tarxeta no suposto de modificación das condicións nas que foi concedida.
 - c) O acceso á area obxecto de regulación cunha tarxeta caducada.
 - d) A non exhibición da tarxeta de forma visible no vehículo para o que se concede.

Artigo 16.- Sancións

As infraccións tipificadas no artigo anterior sancionaranse en atención á súa gravidade, do seguinte xeito:

1. As infraccións moi graves sancionaranse con multa de 601 a 1.500 €. Así mesmo, poderase retirar a tarxeta por un período de un a dous anos.

No caso de falsificación da tarxeta ou reiteración na comisión de infraccións moi graves, poderá procederse á retirada definitiva da tarxeta.

2.–As infraccións graves sancionaranse con multa de 301 a 600 €. Así mesmo, poderase retirar a tarxeta por un período de seis meses a un ano.

3.–As infraccións leves sancionaranse con multa de ata 300 €. Así mesmo, poderase retirar a tarxeta por un período de ata seis meses.

Artigo 17-. Suxetos responsables

Serán responsables das infraccións reguladas na presente Ordenanza, a persoa ou persoas autoras da acción ou omisión en que consista a infracción, mesmo cando se cometese a título de mera inobservancia.

Así mesmo, será responsable e, en consecuencia, obxecto de sanción, a persoa titular da tarxeta concedida, polo uso indebido que faga desta un terceiro.

Cando o incumprimento de deberes e obrigas previstos na presente Ordenanza incumba conxuntamente a varias persoas, estas responderán solidariamente das infraccións que se cometan e as sancións que, se é o caso, se impoñan.

Artigo 18.- Procedemento sancionador

- 1.- A imposición das sancións previstas na presente Ordenanza requirirá a tramitación do procedemento sancionador, de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- 2.- A tramitación do procedemento sancionador levarase a cabo polo servizo competente do Concello de Fisterra.
- 3.- Durante a tramitación dos expedientes sancionadores poderán adoptarse medidas cautelares, co contido e efectos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Artigo 19.- Autoridade competente para a incoación do procedemento e para a imposición de sancións

A competencia para a incoación de expedientes sancionadores e para a imposición de sancións pola comisión de infraccións reguladas na presente Ordenanza corresponde, de acordo ao previsto no artigo 21.1 n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ao Sr. Alcalde-Presidente, sen prexuízo da habilitación a outros membros do goberno municipal que poida terse operado en virtude de acordos ou decretos de delegación adoptados ao efecto.

Artigo 20.- Prescripción de infraccións e sancións

As infraccións e sancións reguladas na presente Ordenanza están suxeitas aos prazos de prescripción establecidos con carácter xeral na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Artigo 21.- Resolución

- 1.- A Resolución que poña fin ao procedemento corresponde ao Sr. Alcalde-presidente ou concelleiro/a en quen delegue.
- 2.- Cando a sanción teña unicamente carácter pecuniario ou ben caiba impoñer unha sanción pecuniaria e outra de carácter non pecuniario pero se teña xustificado a improcedencia da segunda, o pagamento voluntario polo presunto responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento,

salvo no relativo á reposición da situación alterada ou á determinación da indemnización polos danos e prexuízos causados pola comisión da infracción.

Cando a sanción teña únicamente carácter pecuniario, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará unha redución do 50% sobre o importe da sanción proposta. A citada redución deberá estar determinada na notificación da incoación do procedemento e a súa efectividade estará condicionada ao desistimento ou renuncia de calquera acción ou recurso na vía administrativa contra a sanción.

En Fisterra, a ____ de abril de 2018